



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Expte. N° 10/18-P

### CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

**Sesión de:** Pleno

**Convocatoria:** Ordinaria

**Data da sesión:** 30 de agosto de 2018

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Casa do Concello

### ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (9/2018-P).-  
**Control de Órganos de Goberno:**

2º.- Informes e comunicacións.-

3º.- Mocións.-

4º.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario acctal. que asina á marxe na data da sinatura dixital.-



**NÚMERO 09/18**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE XULLO DE 2018.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e seis de xullo de dous mil dezaioito, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup> Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D<sup>a</sup> María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup> María Pardo Fafián, D<sup>a</sup> María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup> Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra e D. José Luís Tellado Villares, asistidos pola Secretaria acctal. da Corporación, D<sup>a</sup> María Belén Novo Reimúndez. Está presente a Interventora acctal., D<sup>a</sup> María Jesús Ramos Esperante. Non asisten, escusando a súa ausencia, os concelleiros D<sup>a</sup> Raquel Bolaño Fariñas, D. Ramón Rodríguez Ares e D. Miguel Tenreiro Bouza.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (8/2018-P).-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 8/2018, de 28 de xuño de 2018.-

**2º.- Modificación de crédito 21/2018. Crédito extraordinario 02/2018.-**

O sr. Presidente dá conta do ditame favorable da comisión Informativa Xeral. Todos os grupos maniféstanse a favor, agás o grupo municipal do Partido Popular, expoñendo o sr. López Mallo que o voto en contra obedece a nula planificación e mala xestión para executar dúas obras (parque infantil e rúa Sadadarea) con remanentes do 2016, que xa foi ao Pleno de setembro 2017, rexeitada, e en outubro que si foi aprobado e un ano despois a pregunta é por que seguen pendentes e agora se financian incumprindo a regra de gasto e a estabilidade presupostaria.-

Efectuada votación (7 a favor e 7 en contra, tamén en segunda votación) apróbase co voto de calidade do sr. Presidente o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 21/2018, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 321.707,03 €:

Estado de gastos:

**Aplicación Denominación Importe.-**

1532.61900 Vías públicas. Conservación outras infraestructuras 73000.-

171.61900 Parques e xardíns. Conservación outras infraestructuras 248.707,03.-

Estado de ingresos:

**Subconcepto Denominación Importe.-**

87000 Remanente de tesourería para gastos xerais. 321.707,03.-

2º.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

3º.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

**3º.- Desestimación dun recurso de reposición interposto contra o acordo plenario de desestimación de solicitude de revisión de oficio da licenza urbanística 121/2005 (Porto Brasa).-**

O sr. Montouto da conta da proposta de desestimar o recurso posto que reitera o aducido noutros recursos que xa se resolveron o non se argumenta nada novo.-

O sr. Anido expón que no expediente só hai informe xurídico pero non técnico, e que debería revisarse de oficio xa que a licenza amparase no estudio de detalle e este non foi aprobado.-

O sr. Montouto resposta que debe ser o Consello Consultivo o que diga que hai que facer a revisión de oficio, repostando o sr. Anido que ao Consello Consultivo de Galicia non se lle dixo a verdade xa que non hai estudio de detalle aprobado.-

Efectuada a votación prodúcese un empate, con sete votos a favor e sete votos en contra; efectuada unha segunda votación, co mesmo resultado, apróbase co voto de calidade do sr. Presidente o seguinte acordo:

Único.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Luis Manuel Pintané López contra acordo plenario de 25-1-2018 desestimatorio da revisión de oficio da licenza urbanística 121/2015, mantendo na súa totalidade o acordo impugnado.-

**Control de Órganos de Goberno:**



**4º.- Informes e comunicacións.-**

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 25-6-2018 a 19-7-2018.-

**5º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

**5.1º.- Moción para declarar persoas non gratas aos compoñentes da “manada”.-**

A sra. Reimúndez, do grupo BNG, defende a urxencia da moción para declarar aos cinco compoñentes da “manada” como persoas non gratas, ante segundo di a gravidade do asunto e fai unha crítica da resposta do Estado ante o que o seu grupo considera unha inxustiza social de gravidade.-

Efectuada a votación resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por empate na votación, con sete votos a favor e sete votos en contra.-

**5.2º.- Moción a prol da regularización da educación social.-**

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG a prol da regularización da educación social no Concello, expoñendo que considera que é unha profesión pouco valorada e descoñecida cando é básica para a educación e a indicación de pautas para as familias vulnerables; critica o posicionamento ao respecto do social do goberno da Xunta de Galicia; e expón que o servizo que se está a prestar depende dunha subvención da Deputación Provincial.-

O sr. Presidente antes de votar a urxencia da moción introduce un inciso con respecto da existencia tamén dunha aportación que sae do propio presuposto municipal.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción debido ao empate, con sete votos a favor e sete votos en contra.-

**5.3º.- Moción para a corrección dun erro nos planos de información do PXOM.-**

O sr. Anido, voceiro do grupo PP, defende a urxencia dunha moción deste grupo para a corrección dun erro nos planos de información do PXOM, en concreto no plano IU-07 na rede de saneamento, no que di que figura erroneamente representada a prolongación da “canle norte” de desaugadoiro das Brañas, antigo río Bao, na zona do recheo realizado no ano 2005, e que consideran que este erro na cartografía municipal mesmo podería condicionar a negociación do futuro convenio con Augas de Galicia para reducir o risco de inundacións e para a mellora da rede municipal de drenaxe.-

Efectuada a votación, resulta estimada a declaración de urxencia da moción por unanimidade, procedendo o sr. Anido á súa exposición, abondando en que a falta do citado tramo xa foi denunciada na Comisión Informativa previa ao Pleno de 3 de xuño de 2005 “...faltaba la segunda canalización que actuaba como aliviadero”, como di que consta na acta 9/05 da sesión extraordinaria do Pleno; e en que máis recentemente con data 14/02/2018 por Augas de Galicia emitíuse un informe no que se determina que “Consultada la documentación obrante en el expediente, el cálculo del canal norte para aliviadero del llenado fue realizado para un período de retorno de T=10 años, de lo que resultaba una sección de 5 metros de ancho y 1 metro de altura, por lo que la obra ejecutada, en lo que respecta al canal norte, no coincide con lo proyectado en esta solicitud”; por todo o que remata solicitando que se acorde istar á Alcaldía a que inicie a xestión para corrixir o plano IU-07 do PXOM eliminando o trazado erróneo desta infraestrutura na zona do recheo.-

Debátase longamente con intervencións dos voceiros dos grupos BNG, Sadamaioría, PP e do sr. Presidente, e efectuada a votación resulta un empate, con sete votos a favor da moción e sete votos en contra; efectuada unha segunda votación, co mesmo resultado, dirime o empate o voto de calidade do sr. Presidente en contra da moción, quedando en consecuencia rexeitada.-

**6º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez formula tres rogos, para que se lle facilite unha copia de diversa documentación:

1) Dos mandamentos de pago do ano 2014 relativos a distintas obras, que relaciona: reparación do pavimento na rúa das Telleiras; reparación do camiño das Regueiras, en Costa (Soñeiro); reparación do camiño Torrente de Abaixo, en Fraga (Osedo); mellora do camiño do Pé do Muíño (Meirás); e reparación dun camiño en Vertín.-

2) Das invitacións enviadas ás empresas para a execución das obras do POS de 2011, 2012, 2013 e 2014 por procedemento negociado.-

3) Da carta enviada o 14/04/2015 ao administrador concursal do Hotel Sada Marina na que se ofertaban 750.000 euros para a compra do dereito de superficie do dito hotel.-

O sr. García pregunta se se vai contestar á formulada o 25 de maio de 2017, con RE 3885, con relación á solicitude de revisión de oficio da licenza urbanística 286/08, para o reformado do proxecto básico para a construción de dous bloques de vivendas na Avenida de Sada y sus Contornos, núm.3, outorgada pola Xunta extraordinaria de Goberno Local do 10 de xullo de 2008. O sr. Presidente e o sr. Montouto din que se contestará por escrito.-

O sr. Anido logo de rogar que se atenda con celeridade o que solicita o sr. Gómez pregunta sobor do hotel se a concesionaria notificou a venda desa concesión, que considera que é a máis importante que ten este concello, como se anunciou. O sr. Presidente di que se lle contestará por escrito e que se lle dará acceso.-



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e dez minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, a Secretaria acctal., dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por esta Secretaria acctal. que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-